



Recomendación á consellería de Sanidade sobre autorización de acompañante durante o traslado en ambulancia para tratamento rehabilitador.

Expediente: I.4.Q/4036/18

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D<sup>a</sup> [REDACTED] sobre a posibilidade de acompañar ao seu marido, nos desprazamentos en ambulancia.

#### ANTECEDENTES

1. Trasladábanos no seu escrito que, o seu marido D. [REDACTED] é unha persoa totalmente dependente, que ten prescrita rehabilitación no Hospital Clínico de Santiago. Sen embargo, e a pesar de que consta no informe médico a necesidade de ir acompañado, non se lle permite utilizar a ambulancia como acompañante cando acode a rehabilitación. En cambio, no tratamento de logopedia, estalle permitido viaxar co paciente dado que así consta por prescrición médica.

2. Nun primeiro informe, a Consellería de Sanidade, facía fincapé en que o paciente ten concedido acompañante para as sesións de logopedia, pero nas sesións de rehabilitación funcional, o acompañante deberá ir na ambulancia so se hai sitio libre, concluíndo que a persoa acompañante non ten dereito por si mesma á utilizar o transporte público senón existe prescrición médica.

Ao comprobar que, na prescrición do tratamento rehabilitador asinada polo facultativo habilitado, consta expresamente a necesidade de acompañante (aparece marcada a opción

de “ambulancia” e “acompañante”), dirixímonos novamente á Consellería de Sanidade para transmitirle esta circunstancia e que nos aclarase porqué se lle estaban poñendo trabas para acompañar ao seu marido nos desprazamentos ás sesións de rehabilitación.

3. En contestación á petición de información complementaria, a Consellería remitiunos un segundo informe no que se sinala o que a continuación lle trasladamos de xeito literal:

*“O paciente ten concedido acompañante cando realice sesións de rehabilitación e logopedia, pero nas sesións de rehabilitación funcional o acompañante poderá ir na ambulancia unicamente cando quede sitio libre, dispoñendo o condutor o necesario a tal fin.*

*Os pacientes son os titulares do dereito de transporte, pero os acompañantes non dispoñen dese dereito. So poderán dispor do vehículo cando se determine en función do estado do paciente.*

*A decisión de autorizar a presenza do acompañante é competencia da Inspección de Servizos Sanitarios, atendendo á Circular 17/2010 do Sergas, na súa labor de visado das peticións que realizan os facultativos.*

*Practicamente a totalidade das peticións realizadas polos facultativos levan indicación de acompañante, sendo modificada, no seu caso, a indicación pola inspección que ten asignada a tarefa de coordinación do servizo, atendendo aos servizos diarios establecidos e a ocupación real do vehículo.*

*O marido da reclamante conserva as facultades superiores, sendo usuario dunha cadeira electrónica, é coñecedor do seu destino para o tratamento continuado e diario nun traxecto de bastantes quilómetros e visouse a petición de traslado coa condición de que levaría acompañante cando o condutor da ambulancia tivera espazo na cabina, como no resto dos pacientes que fan o tratamento recuperador a diario.*

*Por tanto, o transporte é unha prestación establecida na Lei de Saúde de Galicia para os pacientes que o precisen segundo criterio médico. Os acompañantes non dispoñen dun dereito de transporte sendo autorizados unicamente nos casos nos que sexa necesario en función do estado do paciente. A inspección de servizos sanitarios ten a cualificación necesaria para modificar as peticións realizadas polos facultativos en funcións da dispoñibilidade de medios e da necesidade de utilización dos mesmos. O paciente ten concedido o transporte con acompañante cando acuda a rehabilitación con sesións de logopedia, pero non cando se trate de rehabilitación funcional.”*

## ANÁLISE

O transporte sanitario é unha das prestacións previstas na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde e consiste no desprazamento de

enfermos por causas exclusivamente clínicas, cando á súa situación lles impida desprazarse por medios ordinarios. O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde (SNS) inclúe entre as prestacións sanitarias a atención de urxencia e o transporte sanitario. Neste, regúlase especificamente o transporte sanitario non urxente, podéndose distinguir dúas modalidades: o programado e o non programado, sendo este último aquel que se pode prever con antelación e que fundamentalmente se realiza para pacientes ambulatorios que precisan ser trasladados para recibir asistencia sanitaria de forma programada (consultas, tratamentos, probas complementarias, ingresos, etc.).

Sentadas as bases do transporte sanitario como prestación da sanidade pública, temos que centrarnos na posibilidade de que os pacientes, como titulares do dereito a tal prestación sanitaria (que non dos acompañantes, como nos recorda a consellería), poida estar acompañado neste desprazamento. Precisamente, a opción de desprazarse no vehículo asistencial co paciente queda determinada pola situación clínica deste, e a necesidade de ser asistido por unha terceira persoa en función das súas circunstancias médicas.

Dito o anterior, parece lóxico que sexa o facultativo especialista que determina o proceso médico necesario para tratar a súa doenza, o máis indicado para valorar atendendo a criterios clínicos a necesidade de que o paciente vaia acompañado durante o desprazamento ao centro de tratamento. Así se recolle nas instrucións da Consellería, tal e como informa no documento remitido cando di que os acompañantes non dispoñen dese dereito, e que so poderán dispor do vehículo cando se determine en función do estado do paciente.

A maiores, se indica que atendendo á normativa de aplicación, a Instrución 17/2010 de 5 de novembro, da Xerencia do Sergas e da Dirección da FPUSG-061 sobre a prestación do transporte sanitario non urxente para os beneficiarios do SNS na Comunidade Autónoma de Galicia, efectivamente, quedan atribuídas as competencias de supervisión e validación dos recursos para o traslado de pacientes en ambulancia á Inspección de Servizos Sanitarios. A propia Inspección, poderá modificar as indicacións dos facultativos atendendo aos servizos diarios establecidos e a ocupación real do vehículo.

Somos conscientes da necesidade de racionalizar os servizos de transporte para que se poidan garantir a todos os cidadáns que o necesiten, atendendo aos intereses comúns, o que supón que aos responsables sanitarios lles corresponde distribuír e asignar os recursos para a mellor satisfacción da asistencia sanitaria da poboación, y que elo implica realizar opcións e compatibilizar prestacións da maneira que se optimice o rendemento dos medios para dar cobertura ao maior número de usuarios. Con isto, queremos dicir que, compaxinar servizos, necesidades e tratamentos de numerosos pacientes pode conlevar certas concesións por partes destes que sexan en todo caso razoables (percorridos máis amplos, deseño de

itinerarios, esperas na recollida, etc.); pero aínda con esta perspectiva, tampouco poden resultar tolerables disfuncións que se apartan da propia coherencia e a razoabilidade.

Neste caso concreto, a incapacidade do paciente parece ir máis alá de limitacións de mobilidade no tren inferior, de feito, o paciente acode, á vez que a rehabilitación, a sesións de logopedia. A interesada describe que o seu marido ten dificultades comunicativas e de expresión (ademais de limitacións fisiolóxicas básicas), o que supón unha situación de dependencia importante, feito corroborado pola prescrición de sesións continuas de logopedia (tamén denominada terapia de linguaxe).

O criterio sinalado pola Consellería para determinar a oportunidade de desprazarse acompañado na ambulancia que o leva as terapias prescritas aplícase “en función do estado do paciente”. Se isto é así, o estado do paciente non é diferente no traslado ao logopeda que no desprazamento ao rehabilitador. As necesidades de atención a raíz da súa situación clínica son idénticas, polo que non se entende que nun caso se autorice este acompañamento, e, sen embargo, noutro non.

Por todo o anterior, consideramos que resulta coherente aplicar o mesmo criterio de necesidade de acompañante cando o paciente é o mesmo, e as súas circunstancias físicas non varían dado que as sesións celébranse no mesmo período temporal. Non pretendemos cuestionar a capacidade autoorganizativa do Servizo de Inspección Sanitaria, nin a competencia supervisora das prescricións facultativas no aspecto do transporte sanitario, pero non podemos tampouco obviar a disfuncionalidade e falta de coherencia que se deriva do caso concreto que estamos a tratar, e que deriva unicamente do seguimento do mesmo criterio que a propia Inspección ten aplicado a unha das terapias.

## CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar á Consellería de Sanidade a seguinte Recomendación:

“Que se revise a autorización para posibilitar a presenza do acompañante no tratamento de rehabilitación, tendo en conta que, en atención ao estado do paciente, si foi concedida para as sesións de logopedia prescritas e realizadas durante o mesmo espazo temporal.”

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo